

GRESANDE (Laín)

CADERNO Nº3 (Filgueira, 259-10)

Ponte Moas. Muiños de Ramil. Parroquia de Gresande.

Uns sete muiños escaloados na torrenteira de un afluente de parte de alá do Deza.

Aquí hay unha casa pra as colmeas.

Igrexa de Santiago de Gresande

Santiago de Gresande.

Eirexa sinxelísima de pranta rectangular con capela maor do mesmo feito. A portada lisa, do XIX, ten espadana que foi guindada pol-o rayo e tiña volutas e figuras. No interior altar maor tipo Simón Rodríguez, como portada Conxo, con columnas sobremontadas de tortillos d'este xeito.

(Bosquexo de columna)

Hay algunas lembranza de placas.

Ten a imaxe de Santiago en alto, de baixo no centro a Virxe dos Dolores e ós lados S. Ramón e S. Antonio. Máis afora ten dúas imaxes antigas; na epístola unha Virxe sentada co neno ó colo, do tipo do XV, e ó evanxeo un San Roquiño, tamén de arte popular.

Un dos altares laterales, o do Sagrado Corazón, é moderno goitoide; o do evanxeo, da Virxe Purísima, neoclásico do século pasado.



Pía.



(Bosquexo da pía)

León rampante

Os elementos decorativos son de un escudo de armas desglosado.




Nas festas adornan a eirexa con cordas. *(Debuxo da planta)*



Casa reitoral

Casa rectoral de Gresande.
Habitación do crego.
(*Bosquexo da estancia*).



Na parroquia de Gresande. Libro Parroquial de Cristimil. Ano 1780:

“Rebájasele a Gregorio de Castro, depositario actual, mil trescientos y veinte rs. que costó el Retablo desta iglesia, y imagen de San Jorge, cajones nuevos, frontal y reedificar el [pedraso al] pie del altar, todo con arreglo a lo decretado por orden de S. Illm^a (en blanco)”.

1790. En una visita se ordena se rehaga la capilla mayor, e se encarga se poña retablo e imaxen no colateral do evanxeo.

Pol-o visto a eirexa de San Xorxe de Cristimil está toda renovada agora.


Libro parroquial de Fábrica de Gresande.

Fol. 119.- 1798. Se pagou a eirexa, reedificando o teito.

Casa rectoral. Pecho. (*Debuxo do pecho*)



Hórreo de Gresande. (*Debuxo do hórreo*).



Apodos de Anseán. Os alcumes hérdanse.

Añador

Coello

De Gresande:

A Pega

O Cribeiro

M. da Verga

O Tupino

Hai castro en Gresande.

Usos e costumes

Gresande-Anseán

I.- 2 Enfermedades: reuma, pouca tisis de afora, gripe. Morreu n'unha parroquia veciña un matrimonio de máis de 105 anos.

No ano non hai mais de 14 bautizos en Gresande. (Hai uns 60 veciños).
Poucos cruceiros.

Un en Gresande.

Os veciños de Gresande cansáronse de cavar no Castro.

Costureiras a andar pol-as casas. Faise todo na casa e acórdanse puchas
brancas con cinta azul e calzón. O mantelo e o maldil de lán inda se usan.

Zocos, Corozas de palla e polainas.

Bigotes.

Peinado: Trenza non traen xa as mozas. Aínda que traen pinturas.

Bastón, non moca. A honda chámase zomba ou zonga e é de cordeles. O
tiragomas corrente úsase tamén.

Poucos paraguas dos grandes.

O bautizo. Padriño e madriña. Escolle libremente a vontade dos pais. O
padriño regala unha ola de viño ó pai, unha camisa á comadre ó padriño.
En Lalín hay [rapañotes], aquí non. Van soio os padriños e unha moza que
leva o neno. O neno vai vestidiño pero [sen] amuletos. Levan da casa os
paniños e a toalla e a leva a madriña. Xeneralmente póñense un ou dous
nomes. O máis usado Xosé, Manuel, Antonio.

Bodas. A mantenza. A xente érguese ó ver nacer o sol.

Desauno: leite ou caldo, o máis corrente leite.

Comida ás doce cando toca a campá. Prato de caldo, carne de cerdo ou leite,
legumes no seu tempo. Pan de broa, sempre. Bola de pantrigo. Unha
parroquia de 60 veciños non gasta de pantrigo máis de 40 libras.

Festa. Sopa, cocido “alegre” (de todo), carne ou polo asado, carneiro, etc.,
verduras, pescados.

Postres: flan, natillas, tarta, roscón de trigo e ovos.

Viño do Ribeiro. [Matafentos].

O día en que se bendicen os ramos, cando se entra na eirexa despois da
procesión e se peta a cruz, total-as mulleres queren ser as primeiras en
entraren despois do cura pra ter o mellor liño.

A taberna de Souto en Ausean terá catro metros cadrados e está como unha cadra, debaixo da escaleira da casa do Coello. Nunha banda unha ringleira de pipotes. Cérrano por dous lados, madeiros de castaño e por outros dous da pedra da casa. De unha banda unha ringleira de pipotes. De fronte uns estantiños con caixas de conservas, galletas, un armariño pra o tabaco. Hai un mostrador [en un lado] n'un recuncho. Unha mesa con cuberta de linóleoum. Como pra entrar se baixan tres escadas á taberniña. Ten na cuberta [fresqueiro]. Do teito penduran velas e unha caixa de aceite. Nas paredes carteles e cromos. Nunha viga o letreiro famoso: En esta casa no se fía más tabaco.

No chan hai grandes sacos de pan.

A Piñata de Gresande é unha carnavalada que ten sona en toda a Terra de Deza. É como unha loita entre os de Cristimil e Gresande. No campo da Goleta ou da Piñanta. Van a cabalo e a pe. En cada parroquia, un xeneral, dous axudantes, os lanceros (7 ou 8) van sin escopetas. Votan versos e outros van de labradores. Outros van cada un do seu oficio.

Festivo do Patrón. Hai cofradía pra facer a festa. Xeneralmente encárganse dous ou tres da festa.

Vísperas. Baile con música. Misa cantada con sermón.

Aínda bailan a muiñeira. Festas soadas: Gresande; San Ramón o Santiago e a Piñata (que a fan as dúas parroquias). Anseán; San Antonio é o patrón.

Festas máis soadas: Corpiño, Saleta, Cristo de Ourense (páxaros na capela).

En Santiso saen pasmós ou santos. Dous individuos c'unhas saias longas. Son xigantós, unha parexa, e bailan [congos].

[Máis peritos], ca loita, etc.


Faise o Domingo de Piñata. Rétanse os xenerales e dinse os versos. Son distintos os versos da discusión dos xenerales cada ano. Remata a festa con dúas tandas de música e baile. Cada un vai ca mellor besta e vai xente de todas partes. Hai moitos cantos típicos.

Gando

O día de San Xohan. Deixase a auga e xa fermenta sin fermento. Fanse en Gresande os fumazos pra o gando ó amanecer con: rosas, [abrótegos], espadanas, fentos, salgueiriñas, fiollo, alcroques, denantes de nacer o sol.

Xugo de Anseán.

(Bosquexo dun xugo)



Hai cerámica en Soutolongo, ladrillos, tella. No vento faise tella. A cerámica ven de Lugo.

Industria de cestos nas casas.

Moita industria do liño. Fanse mantas, etc.

Redes, poucas, pra pescar no río. Pesca: caña, chumbeira, trallos.

Os traballos de coiro fanse en Filgueira, a dous kms. de Lalín.

Hai carpinteiros na parroquia que fan os mobles.

Os ouxetos miudos mércanse nas feiras.

Hai ferreiro en Gresande.

As cousas de cera as traen de Lalín. Hai aserradores na parroquia, hai tamén paragüeiros e [amolanche].

Bido=vidro

Cereixeiro= cerdeira

Abieneiro=abineiro

Trebo

Xuncas

Chámanlle rosas ós estralotes.